

D. Isaac Gaciño Santos, titular do DNI número 76.966.123-G como Secretario da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra e Ría Muros-Noia. Costa Sostible, con domicilio no Curro da Praza, 1 (15.250-Muros) e CIF G-70.196.225

CERTIFICA:

Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o 9 de Abril , en segunda convocatoria e cun quórum de asistencia do 52% e polo tanto suficiente de acordo co recollido no punto 3 do artigo 18 dos Estatutos de esta entidade:

No punto 2 da Orde de convocatoria: Modificación do crédito dos obxectivos estratéxicos da EDLP , do Galp Costa Sostible segundo a orde de bases reguladoras, en función das necesidades que aparecen na proposta provisional de concesión de axudas do equipo técnico:

Primeiro: A xerente expón as necesidades de financiamento para atender as solicitudes presentadas, concretamente en relación ao expediente PE155A-2026-00031 Luz das Estrelas e ao expediente PE155A-2026-00118 Innovación Museográfica do Patrimonio pesqueiro de Fisterra, que contribúen a materialización do obxectivo Estratéxico 2: Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio a diversificación dentro e fora da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego, e a materialización do obxectivo Estratéxico 4 : Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro acuícola e marítimo respectivamente. Así como a posibilidade que establece a normativa de realizar cambios de orzamento entre os obxectivos estratéxicos ata un 15% do seu importe, previa comunicación a Dirección Xeral de Desenvolvemento pesqueiro.

Segundo o exposto, propóñense varias opcións, e acordase:

1. Incrementar o importe do Obxectivo Estratéxico 2: Fomento da economía azul un 5%
2. Incrementar o importe do Obxectivo Estratéxico 4: Fomento do benestar social e patrimonio cultural un 14,90%
3. Para os incrementos expostos acordase:

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

- a) Diminuír o Obxectivo Estratéxico 1: Aumento de valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres , atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de promoción e subministración dos produtos da pesca e acuicultura e a mellora da imaxe deses produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación a cultura alimentaria do territorio nun 4,4%
- b) Diminuír o Obxectivo Estratéxico 3: Impulso e aproveitamento do patrimonio ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación e adaptación o cambio climático nun 10%
- c) Diminuír o Obxectivo Estratéxico 5: Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e na gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais nun 15%
- d) Diminuír o Obxectivo Estratéxico 6: Cooperación nun 15%

As cantidades resultantes destes cambios recóllense na seguinte táboa:

Axustes Porcentaxe	PLAN FINAN- CEIRO EDLP	Minoracións.	Incrementos	PLAN FINANCIERO EDLP MODIFICADA	%
OE1 SECTOR PESQUEIRO	2.936.396,03	128.466,71		2.807.929,32	4,40%
OE2 ECONOMIA AZUL	1.969.461,58		97.377,98	2.066.839,56	5,00%
OE3 MEDIO AMBIENTE	468.636,94	48.050,12		420.586,82	10,00%
OE4: PATRIMONIO E BENES- TAR	901.681,21		134.307,50	1.035.988,71	14,90%
OE5: GOBERNANZA	219.488,19	32.923,23		186.564,96	15,00%
OE6: COOPERACION	148.302,83	22.245,42		126.057,41	15,00%
TOTAL	6.643.966,78	231.685,48	231.685,48	6.643.966,78	

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación con Visto e Prace do Presidente, en Porto do Son a 10 de abril de 2026

D. José Isaac Gaciño Santos
Secretario

D. José Mariano Lago Louro
Vº e Prace Presidente

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



Cofinanciado
pola Unión Europea

Tipo de actividade 3.1.2.- Aplicación de estratexias das EDLP
Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%

Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo de Fisterra - Ría de Muros-Noia. Costa sostible
Edificio Municipal de Servizos Administrativos. Rúa Espírito Santo, 4
15200 - Noia (A Coruña)
981 82 27 54 / 638 033 467
galp.mar.costasostible@xunta.gal